

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2016

Nº DE PROTOCOLO ^(*)	CIAM/02/2016
--------------------------------	--------------

^(*) A encher polo SXEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

“Recuperación da variedade tradicional de pemento de Arnoia”

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:
Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño- CIAM

Enderezo:Entenza s/n

C. Postal:36471

Concello:Salceda de Caselas

Provincia:Pontevedra

Tfn:618833722

Correo electrónico: manuel.riveiro.leira@xunta.es

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

O Pemento da Arnoia se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP), polo Regulamento (UE) Nº 444/2010 da Comisión do 21 de maio de 2010.

No prego de condición da IXP do Pemento da Arnoia se establece os caracteres mínimos a cumprir polo pementos comercializados. No punto 3.A do artigo 5º se establece que a lonxitude aproximada do froito que debe estar entre 7,5 e 11 cm.

Debido a que o pemento de Arnoia conviviu durante moito tempo con outras variedades de pemento nas hortas familiares, algunhas das características típicas desta variedade se viron modificadas debido a hibridación con outras variedades de pemento. Esta erosión xenética produciu unha redución da talla dos pementos como a perda da forma típica en cascos do ápice do froito.

A Indicación Xeográfica Protexida de “Pemento da Arnoia” está interesada en recuperar as características diferenciadoras deste pemento xa que actualmente so un 30% dos pementos producidos en Arnoia cumpren as especificacións establecidas, e son os que se poden comercializar a través da IXP.



4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

- Recuperar os caracteres típicos do pemento de Arnoia utilizando material mellorado previamente.
- Conseguir unha liña suficientemente estable e homoxénea susceptible de ser rexistrada.
- Dispor de un material rexistrado susceptible de ser multiplicado para que os agricultores da IXP podan utilizar semente certificada.

5.- METODOLOXÍA

O plan de mellora para a recuperación das características do Pemento da Arnoia, se baseará nunha selección masal simple, por partirse da base de que os caracteres estaban fixados xa na poboación de forma maioritaria e o que se ten que eliminar son aqueles caracteres indesexables orixinados pola hibridación.

No ano 2014, se partiu de dez liñas co fin de facer un plan de mellora que mantivese a maior variabilidades posible:

- Tres poboacións recollidas en dous parroquia de Arnoia e unha de Cortegada nunha prospección fetia no ano 2001 polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) codificadas como Arnoia-25 (Paixión), Arnoia-35 (Laixa) e Arnoia-55 (Meréns).
- Tres poboacións facilitadas polo Concello de Arnoia no ano 2010 e conservada polo CIAM no seu Banco de Xermoplasma codificadas como Ar-CON01, Ar-CON02 e Ar-CON03.
- Tres liñas seleccionadas pola Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño codificadas como Ar-330-05, Ar-274-05 e Ar-159-08
- Unha liña facilitada polo Consello Regulador codificada como Ar-IXP2013.

Ano 2016:

Como era de prever existen liñas cunha mellor resposta a selección, polo que se primarán nesta fase do Plan de Mellora para acadar máis rapidamente unha maior estabilidade da variedade. Se manterán a selección do resto de liñas salvo a CON03 da que non se obtivo ningunha resposta.

Selección será simple, de plantas ao aire libre illadas dos polinizadores por gaiolas feitos de malla mosquitera.

Ano 2017:

No ano 2017 se tomará como base da selección as dúas liñas máis homoxéneas.



8.- DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Mabegondo, 10 de xuño de 2016

O/A responsable da unidade solicitante

Asdo.: Manuel López Luaces